

## ***Vedra medra comeza o 2.º trimestre cunha nova saída***

**Vedra medra** entra con forza no 2017 e faino cunha saída didáctica co alumnado e o profesorado de 5.º de educación primaria.

O río Ulla convértese, unha vez máis, en testemuña dunha visita articulada a partir de dous centros de interese: a pesca fluvial tradicional e o paso en barca de persoas e mercadorías.

A andaina partiu de Cubelas e rematou en Ximonde.

No percorrido fíxose unha parada no Centro de Interpretación e Estación Ictiolóxica de Cría e Reprodución do Salmón onde os gardas explicaron o proceso de reposición do salmón. E tamén no Museo da Pesca de Casa Suárez onde se lles amosaron aos rapaces as artes e os aparellos utilizados noutra época na pesca no Ulla, por medio da exposición de obxectos, coa axuda de fotografías e paneis informativos.

Serviu de guía o seu propietario, o señor Manuel, pescador de sona e sabedor de todos os segredos do río.

O Ulla dálles nome a diferentes puntos ao longo do seu curso. Na provincia de Lugo a Antas de Ulla (no seu nacemento) e Á Ulloa (no curso alto).

Na provincia da Coruña, e, ao seu paso por Vedra, á Ponte Ulla e a Ribadulla.

Este traballo cos nomes tradicionais de lugar a partir do coñecemento da contorna complementouse cun caderniño de campo e a realización de distintos xogos centrados na flora e a fauna da ribeira.

Acompañounos Fernando ao que queremos agradecerlle o gran labor que realizou como monitor nestas dúas últimas visitas e recoñecer os seus dotes como divulgador.

**Vedra medra** continúa o labor con educación primaria e despídese recordando que, á parte de contarnos con logo propio, temos xa no noso poder tres mascotas: TOPO, NIMO e NIMIA.